

6 RESUMO E CONCLUSIÓNS

6.1 ASPECTOS MÁIS DESTACABLES DA FORMACIÓN DE POSGRAO

6.2 ASPECTOS MÁIS DESTACABLES DA DEMANDA DE POSPAGO

6.3 ASPECTOS MÁIS DESTACABLES DA OFERTA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

6.1 ASPECTOS MÁIS SALIENTABLES DA FORMACIÓN DE POSGRAO

- En España non existe unha regulación oficial da formación de posgrao non doutoral, a excepción dun convenio interuniversitario, un texto de regulación moi amplo e flexible, ao que se acollen a maioría das universidades e que fai referencia aos diferentes tipos de cursos de posgrao impartidos polas universidades
- Ao ter a formación de posgrao o carácter de "títulos propios" e ser unha formación non oficial que depende directamente de cada universidade, é a mesma universidade quen organiza e desenvolve os distintos tipos de cursos, que poden denominarse de formas diferentes.
- A característica común a todos os programas de posgrao é que están orientados á aplicación profesional dos coñecementos teóricos adquiridos nas distintas titulacións universitarias, de forma que, mediante un enfoque eminentemente práctico, cubran as demandas sociais en determinadas áreas e especialicen ou actualicen aos titulados nun determinado campo profesional.
- Nos últimos anos, os estudos de posgrao experimentaron un notable aumento en España. Segundo os datos do informe *Infoempleo 2003*, a oferta de programas de posgrao presentou un aumento continuo nos últimos anos. Así, o número deste tipo de cursos ofertados en España incrementouse desde 1999 nun 64%.
- Segundo o mesmo informe, a formación de posgrao valórase de forma explícita nun 3,7% das ofertas de emprego, valoración moi influída pola categoría profesional asociada ao posto ofrecido. Así, mentres que en tan só un 1,2% da oferta dirixida a empregados se valora esta formación, no caso dos mandos e técnicos sitúase arredor do 5%, e ascende a case o 11% se falamos de postos directivos.
- A demanda de posgraos por parte das empresas explica o forte atractivo para moitos novos titulados ou profesionais con experiencia, xa que a formación de posgrao asóciase a maiores oportunidades de carreira profesional.
- Os cursos de posgrao en España carecen de calquera tipo de regulación oficial, ao tempo que foron operando segundo as leis do mercado, o que, unido ao crecemento da demanda, configurou un sector no que as barreiras de entrada foron baixas para todos aqueles ofertantes de formación que fosen "cribles". Así, fronte aos ofertantes tradicionais (universidades

e escolas de negocios), nos últimos anos incorporáronse con forza colexios profesionais, grandes empresas de consultoría, etc.

- Gran parte dos posgraos que se ofrecen en España van dirixidos a titulados con pouca ou nula experiencia laboral.
- Estase producindo un cambio na percepción social sobre este tipo de cursos, que, aínda que son valorados polas empresas, xa non se consideran garantes para acadar un posto de traballo.
- É previsible que a demanda de posgraos dirixidos a titulados sen experiencia amose a medio prazo un crecemento menor que o experimentado nos últimos anos.
- A tendencia, tanto en Estados Unidos como en Europa, é a dun crecemento sostido nos programas de posgrao de tipo *pos-experience*. Esta tendencia amósase tamén en España.
- Segundo o informe *Infoempleo 2003*, nos últimos anos estase producindo un desenvolvemento importante das novas canles ou modalidades de impartición, destacando especialmente Internet e outros soportes dixitais, como os CD interactivos. Así, o peso dos programas presenciais sobre o total da oferta baixou do 100% en 1997 a algo menos do 73% no ano 2002.
- O Espazo Europeo de Educación Superior vai transformar de maneira significativa a configuración actual do sector da formación de posgrao en España. No futuro tratarase de harmonizar a estrutura universitaria existente en España co resto de países pertencentes ao Espazo Europeo de Educación Superior. O obxectivo é que a nova estrutura universitaria estea implantada na súa totalidade no ano 2010.
- Alí onde existiu unha proximidade e diálogo fluído entre empresa e universidade, os resultados foron programas altamente valorados polos empregadores e polo mercado. Onde ese diálogo non se produciu e dominou a visión interna sobre os contidos a ofrecer, en ocasións moi condicionada polos propios perfís do profesorado, o resultado non foi brillante, á vez que se producen solapamentos importantes na oferta ou ausencias significativas.
- A ausencia de regulación oficial, as baixas barreiras á entrada, o crecemento sostido da demanda de formación de posgrao e a creación tanto de novas universidades públicas como de centros privados configuran un sector que, se ben coñeceu un notable desenvolvemento, está fortemen-

te fragmentado e cunha parte importante da súa oferta relativamente pouco diferenciada e cun grao de especialización débil.

- Dada a lentitude de adaptación que normalmente caracteriza as institucións académicas, quen non estea xa preparándose para os cambios que se van producir en pouco tempo terá poucas posibilidades de chegar a tempo e de aproveitar as oportunidades que estes cambios presentan.

6.2 ASPECTOS MÁIS SALIENTABLES DA DEMANDA DE POSGRAOS

6.2.1 A demanda de posgraos nas empresas

- Tan só un 24% das empresas enquisadas teñen posgraos, algo máis en Pontevedra que en Ourense. Os sectores cunha porcentaxe de empresas con posgraduados superior á media son, por esta orde, servizos a empresas, servizos persoais, fabricantes e construción e minería.
- De todos os empregados existentes nas empresas analizadas, unicamente o 3% ten estudos de posgrao. Esta porcentaxe é algo maior na provincia de Pontevedra, case un 4%, fronte á de Ourense, apenas o 2%. As empresas de servizos son as que teñen maior porcentaxe de empregados con posgrao.
- A gran maioría das empresas que non posúen posgraduados nos seus cadros de persoal, un 82%, consideran que a formación dos seus empregados é suficiente e, polo tanto, non cren necesaria a formación de posgrao.
- Nos paneis de traballo levados a cabo con empresas de diferentes sectores representativos das provincias de Ourense e Pontevedra, púxose de manifesto a necesidade de formación especializada nos empregados, se ben os empresarios consideran que os másters e cursos de especialización, en moitos casos, "caen grandes", e consideran que as súas necesidades formativas poderían cubrirse a través de cursos de menor duración. Ademais, as empresas manifiestan certos receos á hora de contratar posgraduados por considerar que son máis caros que os titulados universitarios e porque teñen a percepción de que cunha formación deste nivel é máis sinxelo que se vaian da empresa na procura de mellores empregos.
- Algo máis dun 10% dos empregados das empresas teñen titulación universitaria, entre diplomados e licenciados, e un 3% teñen estudos de posgrao. Os maiores niveis formativos aparecen nos postos de xerencia e nos directivos e encargados de área.

- A valoración dos posgraos por parte das empresas é máis alta nas categorías profesionais de maior responsabilidade. No ámbito nacional a formación de posgrao é requerida de forma explícita nun 3,7% das ofertas de emprego, se ben no caso dos empregados só se require no 1,2% da oferta, elevándose esta porcentaxe ao 10,7% no caso dos postos de dirección. En Ourense e Pontevedra este tipo de formación posúena unicamente o 1,3% dos empregados en xeral e algo máis do 18% dos xerentes e directivos.
- Dos posgraos que se encontran traballando nas empresas enquisadas case o 65% pertencen ás áreas de administración e produción. A área que menos posgraduados ocupa é a de recursos humanos.

6.2.2 Preferencias das empresas acerca dos cursos de posgrao

- O 43% das empresas enquisadas prefiren os posgraos sectoriais, seguidos dos xeneralistas, con case un 34%, e, por último polos funcionais. O comercio é o único sector que amosa unha preferencia clara polos posgraos de tipo xeneralista (un 58% dos posgraos do sector son deste tipo). Tamén son os preferidos polo sector dos fabricantes, pero a moi pouca distancia dos sectoriais (38 e 36% respectivamente). Os sectores que se decantan claramente polos posgraos sectoriais son, por esta orde, o de servizos persoais, o de transporte e o de servizos a empresas. O sector no que os posgraos están máis repartidos por tipos é o da construción.
- Os posgraos xeneralistas concéntranse, sobre todo, nas áreas de administración e dirección xeral (un 81%). Os posgraos sectoriais están concentrados nas áreas de produción e comercial (76%), aínda que algo máis repartidos que os anteriores. Os posgraos funcionais distribúense entre as distintas áreas da empresa.
- A maioría das empresas, case un 70%, elixe horarios compatibles co traballo, ben sexa de fin de semana ou durante a semana, pero fóra da xornada laboral. Os sectores que prefiren o horario de fin de semana son o de transporte, servizos a empresas e servizos persoais.
- En canto á composición do profesorado dos cursos de posgrao, as empresas consideran que este debería estar formado maioritariamente por profesionais da empresa, case un 68% do profesorado, seguido dos docentes e, en último lugar, por investigadores. Os empresarios asistentes aos paneis de traballo consideran que os cursos de posgrao deben dotar o titulado fundamentalmente de coñecementos prácticos e próximos ao mundo empresarial, de aí que prefiran profesionais antes que

docentes, pois a este últimos supónselles unha maior orientación aos contidos teóricos e un maior distanciamento do mundo da empresa. O sector que opina que a porcentaxe de profesionais da empresa no profesorado debe ser menor é o de servizos persoais.

- Os posgraos máis preferidos polas empresas son, por esta orde, os programas en riscos laborais, os de administración e dirección de empresas, MBA e Executive MBA, os de recursos humanos, os de comercial e *marketing* e os relacionados con tributación e fiscal.

6.2.3 O cliente dos posgraos

- O 68% dos posgraos que actualmente traballan nas empresas enquisadas cursaron os seus estudos de posgrao antes de incorporarse á empresa. Segundo as empresas asistentes aos paneis, este pode ser un dos principais motivos do baixo grao de adecuación da formación ás necesidades reais das empresas. Se o cliente principal dos posgraos é o titulado universitario sen experiencia laboral, é fácil supor que, á hora de elixir o curso a realizar, pense máis nos seus gustos ou preferencias laborais para o futuro que nas posibles necesidades dunha empresa na que podería traballar. Porén, no caso dos posgraos realizados mentres un está na empresa, entre os criterios de elección normalmente destaca o encaixe do curso coas funcións e necesidades específicas do posto que desenvolve.
- Case a metade dos posgraduados que traballan en empresas de servizos empresariais fixeron os seus cursos de posgrao unha vez incorporados ás empresas. No último posto atópase o sector da agricultura, silvicultura, gandería e pesca, no que esta porcentaxe se reduce ao 14%.
- Do 68% das empresas que contrataron posgraduados, case no 91% dos casos esta formación non se requiría expresamente á hora de seleccionar o empregado.
- A porcentaxe de empresas de Ourense e Pontevedra que requiren de forma explícita un posgraduado redúcese ao 1,4%, case a terceira parte das que, segundo o informe *Infoempleo 2003*, o fan no ámbito nacional (3,7%).
- Aínda non sendo os posgraos un requisito para ser contratado, na maioría dos casos este estaba relacionado co posto que se ía ocupar na empresa.
- De empresas nas que os posgraduados dos seus cadros de persoal realizaron este tipo de formación unha vez na empresa, no 75% dos casos a iniciativa de facer estes cursos xurdiu dos propios empregados. Só no

24% das ocasións foi a empresa quen instou o empregado a ampliar a súa formación.

- De trasladarmos estes datos á totalidade das empresas enquisadas, observamos que só o 2,5% das empresas tiveron a iniciativa de que algún dos seus empregados faga un curso de posgrao. Poderíamos dicir, por tanto, que só no 2,5% dos casos o cliente dos posgraos é a empresa, xa que no resto dos casos os posgraos fixéronse antes de incorporarse ás empresas ou unha vez incorporados a elas pero por iniciativa do traballador, co que o cliente sería, en ambos os casos, o traballador.
- Na metade dos casos é o propio traballador o que financia o posgrao, mentres que en algo máis do 25% dos casos os cursos de posgrao foron financiados integramente pola empresa.

6.2.4 Necesidades das empresas

- As empresas danlles aos idiomas unha puntuación (de 1 a 5) relativamente baixa como posibles contidos dos cursos de posgrao. Así, se ben as empresas cren importantes os coñecementos en idiomas, non consideran que sexa unha formación que deba incluírse na formación de posgrao, e ningún dos idiomas acerca dos que se lles preguntou ás empresas acadan a valoración media. Por sectores, os que menos valoran os idiomas como contidos dos cursos de posgrao son comercio e construción, e os que máis, servizos persoais e transporte.
- A importancia que as empresas lles dan aos coñecementos de informática é maior que á de idiomas. Os coñecementos de informática máis valorados son os relativos a ofimática e mais a Internet e correo electrónico, seguido a pouca distancia polas bases de datos. Outras aplicacións máis específicas, como as de deseño, son menos valoradas.
- As empresas consideran que os cursos de posgrao deberían estar dirixidos, principalmente, a prover os titulados de formación práctica e formación técnica especializada, dotándoos, ademais, de habilidades de relación e directivas. Unha importancia moito menor danlle á formación teórica. Os sectores que máis importancia lle conceden á formación práctica son servizos a empresas e servizos persoais, fronte á agricultura, silvicultura, gandería e pesca, que é o sector que menos a valora. En canto á formación técnica especializada, de novo os sectores que lle conceden máis importancia son servizos a empresas e persoais e o sector transporte.

- Existe un elevado nivel de descoñecemento por parte das empresas das súas propias necesidades, o que dificulta a identificación de coñecementos concretos do sector. Así, case un 31% das empresas non son capaces de identificar necesidades de coñecementos concretos do seu sector de actividade dos que carezan os titulados.
- Máis da metade das empresas afirman que a principal carencia dos titulados é a experiencia, seguida, a gran distancia, pola formación técnica o específica.

6.3 ASPECTOS MÁIS SALIENTABLES DA OFERTA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- A Universidade de Vigo ten como misión primordial a de prestar o servizo da educación á poboación do sur de Galicia (arredor de 1,5 millóns de habitantes). Hai que ter en conta que, ademais desta poboación, nesta zona atópanse implantadas máis de 5.000 empresas que presentan constantemente necesidades de formación específicas.
- Ten os seus campus repartidos entre as provincias de Ourense e Pontevedra, impartindo 46 titulacións, 6 delas en exclusiva en Galicia: Enxeñería Industrial, Enxeñería de Minas, Telecomunicacións, Belas Artes, Publicidade e Relacións Públicas e Tecnoloxía dos Alimentos.
- Sendo unha universidade moi nova, hai que salientar a súa actitude emprendedora e innovadora. Este ano estreou novas titulacións nos seus tres campus, un programa para maiores e Cidade Universitaria no seu campus de Lagoas-Marcosende.
- A Universidade de Vigo ten un Departamento de Posgrao moi novo, creado hai pouco máis dun ano e que pon os seus intereses principalmente en ser de utilidade ao tecido empresarial galego e fundamentalmente ao da súa área de influencia como son as provincias de Ourense e Pontevedra.
- Na actualidade impártense na Universidade de Vigo 56 cursos de posgrao, repartíndose esta oferta entre cursos Máster, de Especialista, de Formación e Complementarios.
- A rama social é a que acolle maior número de cursos de posgrao, e tamén é a área máis demandada, tanto nas universidades galegas como no resto de universidades españolas. A oferta divídese principalmente en cursos funcionais e sectoriais, en tanto que escasos ou case nulos os posgraos xeneralistas.
- Dos cursos de posgrao que ofrece a universidade, un bo número deles impártense tamén noutras universidades, en cambio resulta máis difícil

atopar cursos semellantes cando falamos de cursos formativos ou complementarios, xa que teñen temáticas moito máis específicas.

- A oferta que máis coñecen as empresas é a do Campus de Vigo, e a menos coñecida é a de Pontevedra. En calquera caso, a porcentaxe é sempre moi baixa. As razóns dadas polos asistentes aos paneis de traballo para explicar este elevado grao de descoñecemento da oferta de posgrao en xeral e da que oferta a Universidade de Vigo en particular son varias. En primeiro lugar, as empresas non teñen claro, de entre a inmensa oferta de formación existente na actualidade por parte de todo tipo de institucións, que é un posgrao e que non o é. Ademais, as empresas asocian a Universidade de Vigo coa formación de grao pero non coa de posgrao. Isto é debido, segundo as empresas, á escasa promoción da oferta.
- A inmensa maioría das empresas que coñecen a oferta da Universidade de Vigo consideran que esta é suficiente tanto en prazas como en número de especialidades. No caso dos tres campus, as empresas afirman estaren máis satisfeitas co número de prazas que coa variedade en especialidades.
- En resumo, moi poucas empresas coñecen a oferta da universidade, se ben aquelas que a coñecen consideran que esta oferta é suficiente en número de prazas e especialidades.
- Un 47% das empresas que teñen posgraduados pensan que a súa formación satisfai as necesidades da empresa.

